

FISCALIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALIZA  
A CORUÑA

Ángel Fernando Martínez Randulfe , maior de idade, provisto de DNI 7.635.547, con enderezo que sinalamos para notificacións en Cacheiras-Torre, 18 – 15886 (A Coruña) , na representación que ostenta de ESCULCA. OBSERVATÓRIO PARA A DEFENSA DOS DIREITOS E LIBERDADES (CIF G15881014) na a súa calidade de PRESIDENTE, perante a en Galiza comparece e como mellor proceda en Dereito EXPÓN.-

Que por medio do presente escrito interpón DENUNCIA POLA COMISIÓN DE DELITO PERSEGUIBEL DE OFICIO, a fin de que pola FISCALIA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALIZA se proceda a incoar expediente para a averiguación dos feitos .

A presente DENUNCIA baséase nos seguintes

FEITOS .-

PRIMEIRO.- O día de 19 de decembro de 2009 foi convocado un acto por varios colectivos Galegos, a celebrar a partir das 18.00 horas, consistente nunha marcha que se iniciaría na estación de servizo ubicada nas inmediacións do Centro Penitenciario de Teixeiro e remataría diante do devandito centro penitenciario onde, como ven sendo habitual, os congregados procederían a dar lectura a un manifesto.

Tal marcha leva celebrándose dez anos e nunca houbo incidencia algunha contra a seguridade cidadá.

SEGUNDO.- Tal como estaba previsto, mais de cen persoas concentráronse na explanada ubicada fronte a devandita estación de servizo. É de salientar que no lugar había importante presenza policial e que antes do punto de reunión, a unha distancia aproximada de dous quilómetros, estaba instalado un posto de control da garda civil. Tamén é importante subliñar que os axentes de servizo neste posto de control realizaron numerosas identificacións de vehículos e dos seus ocupantes, extremo que ten transcendencia como mais diante se indica.



Unha vez chegados ao punto de encontro, os manifestantes situaron os seus vehículos (entre 23 e 25 en total) nunha área de estacionamento situada nun lado da estrada nacional. A garda civil observou o estacionamento destes vehículos sen formular obxección algunha.

A seguir, os manifestantes realizaron a marcha a pé pola estrada até o Centro Penitenciario de Teixeira, controlados en todo momento por axentes da Garda Civil. Diante do penal deron lectura a un manifesto .

Ás 21.00 horas , varios funcionarios de servizo no centro penitenciario abandonaron as instalacións do mesmo, supostamente, por teren rematado o seu turno de traballo e producirse nese momento o cambio de quenda.

Entre as 21.15 e 21.25 horas aproximadamente, os manifestantes voltaron ao punto de concentración sen que a Garda Civil os perdese de vista en ningún momento. De feito, cando os manifestantes subiron aos vehículos para iniciar a volta, no lugar estaban presentes varias dotacións policiais

Cando os vehículos tentaron iniciar a marcha , os manifestantes constataron que a maior parte deles tiñan as rodas danadas , o que tornaba imposíbel continuar a marcha dado que os danos consistían en desperfectos serios -en concreto rachaduras e furados- non susceptíbeis de seren reparados ali. Os ocupantes dos vehículos amosaron a súa indignación às dotacións policiais ali presentes por estas non teren sido capaces de garantir a integridade dos bens dos cidadáns que estaban exercendo un dereito constitucional. Por toda resposta, os axentes limitáronse a preparar material anti-disturbios, como se as vítimas do delito fosen as autoras de mesmo.

Segundo os datos que manexa ESCULCA , constan dous vehículos que non foron obxecto destes danos. E moi importante destacar que ningún deses dous vehículos fora retido no control previo da Garda Civil, nen o automóvil ou os seus ocupantes foran identificados.

Mais de vinte vehículos foron obxecto de danos dolosos nos seus pneumáticos. Un deles tiña dúas rodas rachadas.

Os manifestantes non puideron abandonar o lugar da concentración até despois das doce da noite. A Garda Civil en ningún momento ofreceu axuda aos manifestantes, non tentou identificar os prexudicados polo delito nen levou a cabo actuación algunha , aínda que constatou a perpetración de varios delitos na súa presenza.



TERCEIRO.- Estes feitos son constitutivos dun delito continuado de danos dolosos del artigo 263 do Código Penal, así como de un delito de coaccións para impedir o exercicio dun dereito fundamental do art.172 del Código Penal.

As actuacións da Garda Civil infrinxiu o artigo 11 da Lei 2/1986 de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado. Non garantiu a integridade dos bens de cidadáns que exercían un dereito constitucional. Non ofreceu protección algunha aos prexudicados polo delito nen consta que realizase investigación algunha deste feitos, dunha extraordinaria gravidade por supor unha actuación delitiva encamiñada a impedir o exercicio dun dereito .

Interesamos da Fiscalía que incoe expediente e adopte as dilixencias que conforme a Dereito procedan para a investigación destes feitos e para a investigación da actuación da Garda Civil actuante.

Estimamos os feitos dunha extraordinaria gravidade por tratarse dunha actuación que pretende impedir e represaliar o dereito de reunión. E por non constar a actuación policial que, na defensa do exercicio dos dereitos fundamentais, era de esperar conforme a Dereito dunha unidade policial nun estado de dereito.

En razón do exposto, SOLICITAMOS se teña por presentado este escrito, se admita, se teña por presentada denuncia perante a Fiscalía e se incoe expediente para a investigación destes graves feitos.

En A Coruña a 8 de febreiro de 2010.

